

Atenasa, Maessa, Elecnaval...

¡BASTA DE ABUSOS EMPRESARIAIS!

O venres da semana pasada, Atenasa despideu outro traballador.

O motivo alegado pola empresa na carta de despedimento é que, nunha asemblea de Atenasa celebrada o 30 de outubro, “arengou” ós seus compañeiros a realizar un paro contra o despedimento doutro traballador da empresa, conducta que a patronal considera que incorre en “deslealdade e transgresión da boa fe contractual”. É dicir, **O COMPAÑEIRO É DESPEDIDO POR ANIMAR Ó RESTO DOS TRABALLADORES DE ATENASA A FACER UN PARO CONTRA O DESPEDIMENTO DOUTRO COMPAÑEIRO.**

O comité de empresa de Navantia deu un prazo de dous días para que se retire o despedimento, deixando para o xoves 22 unha posible resposta sindical, que consistiría en poñer un piquete para non deixar subir ó barco.

Esta proposta do comité é claramente insuficiente. **Non podemos tolerar que se despida a un traballador por animar ós seus compañeiros a responder ante un despedimento. ABUSOS PATRONAIS COMA ESTE ESIXEN UNHA RESPOSTA INMEDIATA E CONTUNDENTE POR PARTE DE TÓDOLOS TRABALLADORES** porque son un ataque ó corazón mesmo do movemento obreiro, ó dereito dos traballadores a organizarnos para actuar como clase.

A resposta a este ataque xa debeu darse onte, pero en calquera caso debemos dala canto antes, non hai ningún motivo para esperar ó xoves. E debe abarcar toda a factoría, non só o barco. O comité de empresa ten unha magnífica oportunidade para organizar unha culebra e garantir así unha paralización total da actividade, sen excepción. Esta sería a resposta axeitada á gravidade deste ataque. Se non freamos este despedimento, haberá máis. Non pode sentarse semellante precedente.

Os dous despedimentos arbitrarios en Atenasa súmanse a outros atropelos das compañías auxiliares: toda a plantilla de Elecnaval (56 traballadores) despedida despois de 4 meses sen cobrar, os despedidos de Maessa sen poder cobrar o paro polas irregularidades cometidas pola empresa na tramitación do ERE e, a pesar diso, facendo novos despedimentos, etc. ¿E que se fai? NADA.

Non podemos tolerar que estas cousas ocorran, non podemos seguir pasivos. Se realmente entendemos que queren acabar con todo, se realmente queremos defendernos, debemos actuar coa mesma firmeza e determinación que usaron os nosos pais e avós para conquistar, nunha durísima loita de décadas, os dereitos hoxe ameazados. E, evidentemente, o comité de empresa é o primeiro que ten que demostrar firmeza e determinación. Esta degradación non pode continuar.